



Nota de prensa 22.10.09.

A Xunqueira da Gandarela. Nunca nos cansaremos de destruír?

A *Xunqueira da Gandarela*, situada en Lourizán, entre Cocheras e a subida a Ponte Muíños, semella non ser digna de seren conservada por parte das autoridades públicas.

Lonxe queda aquela visión do Franquismo que facía pantanos onde non había, e desecábaos onde existían, e que levou á desaparición, por exemplo, da Lagoa de Antela, un dos humidais máis importantes da Península Ibérica. Hoxe parece superada esa visión das xunqueiras como lugares insáns que hai que desecar, por outra que reconece a importancia ecolóxica dos humidais.

A instalación da Celulosa supuxo a destrución da Enseada de Lourizán, e dunha parte importante do seu banco marisqueiro, que era o maior e máis produtivo de Galicia. Da antiga enseada, conformada por praias, areas e xunqueiras, só queda como testemuña a xunqueira da Gandarela.

Esta xunqueira foi obxecto ó longo dos anos de recheos e afeccións diversas: os talleres de Monbús en Cocheras, a autopista, o poboado de Celulosas... Fai uns anos contruíuse detrás de Cocheras a Subestación eléctrica sobre a xunqueira, co beneplácito da Administración.

Nos anos 80, iniciouse un recheo na parte anexa á subida a Pontemuíños. Era un pequeno recheo que cos anos foi medrando ós poucos. Nos últimos anos foi cando este recheo aumentou de modo considerable, chegando á súa extensión actual, case a metade do espazo entre a subida a Ponte Muíños e Cocheras.

Dende a APDR sempre defendemos a recuperación deste espazo e a súa posta en valor para uso e goce dos cidadáns, cunha actuación similar á das Xunqueiras de Alba. Era o noso propósito facer unha proposta neste sentido á Administración. Pero adiantáronsenos...

Cal foi a nosa sorpresa ó comprobar que se están a levar a cabo obras para a conexión de Ponte Muíños coa rede de saneamento, utilizando este recheo para meter os tubos e construír un colector. Estamos totalmente a favor de mellorar a rede de saneamento, para que non se vertan residuos á Ría e á Xunqueira sen un tratamento axeitado. Pero non a calquera prezo, utilizando un recheo ilegal, o que supón a súa consolidación. Tiñamos esperanzas de recuperar este espazo de xunqueira, retirando o recheo, e devolvéndoo ó seu estado orixinal, pero esta actuación bota por terra as nosas aspiracións neste sentido.

Non dubidamos que esta obra ten os permisos oportunos, pero non comprendemos como puido acadalos. Consideramos que son as Administracións que deberían garantir a conservación do noso patrimonio natural, do que forman parte os humidais, e non entendemos como no lugar de impedir novos recheos e retirar os vellos, permiten e consenten a consolidación deste recheo ilegal.

Por todo isto, denunciámos publicamente esta obra, e a falta de sensibilidade medioambiental de quen a permitiu.